

Resumo do Consello de Goberno do 17/11/2010

Vicerreitor de Planificación Económica:

O Plan de financiamento rebaixa os fondos dispoñibles nun 5%.

Non está pechado o reparto dos fondos.

A Universidade comprométese á realización dun plan de sustentabilidade para os seguintes 3 anos polo que poderá recibir cantidades adicionais.

Mañá, día 19 o presentárase ao Claustro as bases de aprobación do plan plurianual 2011-2013 para axustarse a ese plan de sustentabilidade.

Xerencia: Nada que informar

Punto 13. Regulamento de spin-off. (Preséntaa o Vicerreitor de Ferrol)

Quenda de intervencións:

Felipe: Hai experiencias alleas?

Resposta: as universidades máis experimentadas neste terreo son as de Cataluña. Séguese a recomendación de que non entren as universidades nos consellos de administración.

Felipe: o artigo 12.1 fala da excedencia pero non se di de que tipo. No Estatuto do Profesorado establécese unha posibilidade de 5 anos.

Resposta: Na LOU aparece explicitamente.

Teresa: Ten que cumprirse a Lei de Incompatibilidades.

Resposta: Xa se cumpre porque é unha lei de rango superior.

Felipe: É imprescindible facer un seguimento porque os obxectivos son loables pero escapar do control tamén é fácil.

Resposta: O control é imprescindible, tamén que non haxa conflitos de interese. Desde que se crea a empresa está controlada.

Felipe: Constitúese a Unidade de Seguimento e Participacións cal é o seu funcionamento?.

Resposta: En Xerencia contrólase todo o participado.

Felipe: Habería que identificala fisicamente.

Apróbase.

Punto 14. Plan de formación:

A Xerencia informa que é un plan que conta coa aprobación da Xunta de Persoal e le o informe do Comité de Empresa no que, a pesar de informalo favorablemente na súa globalidade o feito de que se discrimine ao persoal interino entendemos que conculca a legalidade vixente.

Dí que, consultada a asesoría xurídica, entende que é absolutamente legal.

Quenda de intervencións:

Xosé:

Perdeuse unha oportunidade de incluír as novas tecnoloxías (vídeoconferencia-cursos online) que facilitarían a participación de máis persoal nas actividades formativas, sobre todo ao persoal de Ferrol, historicamente marxinado neste aspecto debido á dificultade de atopar o número necesario de participantes.

O Comité de Empresa aínda informando favorablemente a globalidade do plan non está de acordo na selección porque da prevalencia ao persoal funcionario e laboral fixo sobre as outras figuras contractuais que hai no colectivo (internos e contratados). Pensamos que mentres se

está en nómina da Universidade os dereitos teñen que ser os mesmos, aspecto este que entendemos que incluso conculca a legalidade vixente.

Hoxe por hoxe, no colectivo de pas laboral significa a discriminación de máis da metade do colectivo.

Anuncia o voto en contra pero deixando constancia de que conste en acta que é expresamente por este punto, sendo o resto do articulado aceptable.

Xerencia:

Descoñece que o Comité presentase nalgún momento a posibilidade de facer cursos mediante vídeo conferencia pero o plan non o exclúe.

A formación non se limita, se fai falla, en actas contéplase que se realizarán os cursos necesarios para que ninguén quede fóra da formación.

Teresa:

A Xunta de Persoal respalda o plan porque non discrimina a ninguén.

Felipe:

O Plan de Formación impulsouse desde a Xunta de Persoal, antes non había ningún. Alégrase de que o anterior plan fose ben e de que este sexa mellor.

Establece que, dados os condicionantes para a priorización na participación nos cursos, nos que se establece que os que non teñen ningún curso realizado terán prioridade sobre os demais, se non se controla este aspecto co condicionante do contrato, os interinos que son contratados terían prioridade sempre porque non terían ningún curso realizado.

Xosé:

Unha cousa é poñer condicionantes para que iso, o que di Felipe, non ocorra e outra é a discriminación por razón de contrato, cousa ilegal e ilexítima.

A votación é por asentimento co voto en contra indicado.

Punto 17. Proposta de modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias da Comunicación.

O Secretario Xeral anuncia a retirada da orde do día porque non contempla, na súa composición, o 9% de representación do PAS. Acórdase reenvialo ao centro para que fagan as modificacións oportunas e despois volverá ao Consello de Goberno.

Punto 18. Rolda de Intervencións

Xosé:

Desde o ano 2005 a evolución do persoal é a seguinte:

PAS funcionario incrementou arredor do 19%.

Persoal docente un incremento sostido de entre 18%.

Alumnos, desde 2008, un incremento do 2%.

Persoal laboral 0%.

Postos nesta tesitura comezamos a negociar a RPT de 2009 para a que se reservou un 5% do orzamento, segundo se nos dixo.

Despois de seis meses de negociación, levouse ás asembleas unha proposta que contemplaba 38 prazas que o colectivo rexeitou.

Rexeitouna por insuficiente, por poñer un exemplo, cambiábanse 30 prazas de contratados tipo Labora por 3 técnicos especialistas en informática, ningún para Ferrol.

Tamén quero significar que nesta universidade hai 10 prazas desenvolvidas por ETT.

O asunto é que despois de informar do resultado das asembleas, a Universidade tiña vía libre para plantear a súa proposta sen limitación algunha, meteuna no baúl dos recordos até que estes días saca un **Plan de Sustentabilidade** da chisteira da Xunta que xustifica a redución case á nada dunha posible RPT e dunha reconsideración de acordos que establecían as promocións (Transitoria II) en convenio desde o ano 2005.

A Universidade deixanos sen RPT, quero que todos/as o saiban.

En que se vai a empregar o 5% reservado no orzamento para esa RPT?.

Vicerreitor de Planificación Económica:

A metade da RPT proposta xa se ven pagando, os postos de 3+3 xa forman parte do capítulo, polo tanto xa se está a utilizar ese orzamento. O Capítulo I é un fondo de onde se quitan cartos, en función das necesidades, para cada un dos subcapítulos. Este ano os ingresos foron menores en matrículas...

Xosé:

O gasto das contratacións de 3+3 non son deste ano, polo tanto non implican ningún incremento neste capítulo.

O capítulo I é pechado, a Xunta está comprometida a sustentalo.

Se os cartos se moven dentro do Capítulo I. Que seguridade podemos ter en que os compromisos se cumpren, xa non só agora senón sempre?.

Non hai resposta.

Xosé:

Paridade: pénsase executar o acordo que ten efecto xa nas eleccións ao Claustro a outros aspectos como os tribunais para os procesos selectivos?.

O **Vicerreitor de Profesorado** indica que nos de PDI contratado xa se están convocando con este criterio e que nos demais iranse introducindo pouco a pouco.

Xosé:

A Xerenta e a Xunta de Persoal estiveron negociando a modificación da listaxe de agarda de aux. administrativos, polo que sabemos podería afectar colateralmente ao PAS laboral.

Xerencia:

Indica que ela mesma retirou a proposta porque a Xunta de Persoal non estaba de acordo con tal posibilidade.

Felipe:

A Xunta de Persoal negocia a súa propia listaxe sen interferir para nada na de PAS laboral.

Xosé:

No concurso de funcionarios non saíron todas as prazas de xefaturas de servizo vacantes.

Xerencia:

Están en procesos xudiciais, mentres non se saiba a decisión non saen.

Fóra de acta.

No seu momento, de saír as sentenzas como pensamos (favorables aos traballadores), reclamaremos explicacións sobre o custo e quen o paga.